

EXPEDIENTE: 2023/E001/000002 (relacionado co expediente 2022/A008/000034 e 2022/A006/000015)

ASUNTO: CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL TÉCNICO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025)

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL TÉCNICO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025)

Visto o expediente que se tramita para a selección de persoal, por concurso-oposición, para a formación de bolsa de emprego de persoal técnico para o desenvolvemento do PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025), segundo as bases aprobadas na Xunta de Goberno Local Ordinaria do día 28 de marzo de 2023.

O anuncio das bases e da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o luns, 3 de abril de 2023 (BOP núm. 64) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Logo de ver a proposta remitida polo Tribunal Cualificador ao efecto de formación da de bolsa de emprego de persoal técnico para o desenvolvemento do PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025), de data 12/01/2024 na que figuran os aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente de puntuación.

Logo de ver a dilixencia da funcionaria encargada do Rexistro de Entrada e Saída de documentos do Concello de Dodro, de data 30/01/2024, resulta que, rematado o prazo para a presentación de alegacións e/ou emendas contra a proposta do Tribunal Cualificador, non foron presentadas ningunha alegacións e/ou emendas contra a proposta do Tribunal Cualificador.

Considerando que o artigo 21.1h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, atribúe a Alcaldía-Presidencia a xefatura superior de todo o persoal ao servizo da administración local, competencia que inclúe o seu nomeamento e contratación,

RESOLVO:

Primeiro.- Ratificar a proposta efectuada polo Tribunal Cualificador, aprobar a relación de candidatos/as que superaron o proceso de selección e a súa orde de prelación, aos efectos de formación de bolsa de emprego de persoal técnico para o desenvolvemento do PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025):

Orde de prelación	Nome e apelidos	DNI
1	Lorena Nuñez Rodríguez	***747***
2	Carmen Sotelo Conde	***820***
3	Duarte Crestar Pena	***602***
4	Ana Mosconi Cadillo	***810***

Segundo.- Que se publique a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.



Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)

Tfno: 981 802 062

info@dodro.gal

www.dodro.gal

Terceiro.- Dar conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFREL.

*Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria- interventora, que da fe*